

FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

Nº7 - PADRÓN 2022

Narciso de Gabriel

A primeira luz escolar do galeguismo

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

A primeira luz escolar do galeguismo

PALABRAS CHAVE

Galeguismo
Educación
Escola primaria
Libro escolar
Murguía

KEYWORDS

Galicianism
Education
Elementary school
Schoolbook
Murguía

RESUMO

La primera luz, obra de Manuel Murguía, tivo dúas edicións, a primeira en 1859, a cargo do editor vigués Juan Compañel, e a segunda en 1868, realizada polo editor lucense Soto Freire. O libro estaba destinado ás escolas primarias e sumaba 27 leccións, distribuídas en cinco apartados: idioma, relixión, xeografía, historia e biografías. Entre unha e outra edición existen certas diferenzas, que constitúen un dos fíos condutores deste traballo.

ABSTRACT

La primera luz, work by Manuel Murguía, had two editions: the first one in 1859, under the care of the Vigo publisher Juan Compañel; and the second one in 1868, published by Soto Freire. The book was addressed to primary schools and included 27 sections, divided in five parts: language, religion, geography, history and biographies. There are certain differences between both editions, which are the common thread of this article.

Lin por primeira vez *La primera luz* en 1974, cando facía o Curso de Orientación Universitaria no Instituto masculino de Lugo. Estaba incluído no volume que leva por título *Política y sociedad en Galicia* e integrado na colección Arealonga, dirixida por Xesús Alonso Montero, que foi quen concibiu a edición, escolleu un prólogo da autoría de Castelao e redactou unha «A modo de presentación» dos textos escollidos, que corresponden basicamente a Manuel Murguía. Alonso era daquela profesor no devandito centro, e por esas datas dábanos, fóra do horario oficial e con carácter voluntario, clases de galego a un fato de rapaces. A observación coido que vén a conto, xa que esas clases compartían o horizonte galeguista que preside o texto que nos ocupa, por máis que os tempos fosen outros, aínda que non precisamente os chegados.

No ano 2000, coincidindo coa dedicación a Murguía do Día das Letras Galegas, publicáronse dúas edicións facsimilares deste libro. Unha fíxoas Edicións Xerais de Galicia, e está precedida dun prólogo do mencionado Alonso Montero e dun estudo de Henrique Rabuñal Corgo, e a outra, realizada pola Xunta de Galicia, ten como complemento un libro específico titulado *Estudio introductorio a La primera luz de Manuel Murguía*, do que son autores Vicente Peña Saavedra e Manuel Fernández González.

Xerais reproduciu a primeira edición, publicada en Vigo por Juan Compañel en 1859, e a Xunta a segunda, que apareceu en Lugo da man de Soto Freire en 1868.

Entre unha e outra existen algunhas diferenzas —Alonso Montero así o fai constar no prólogo citado no parágrafo anterior—, que constituirán un dos fíos condutores da nosa exposición. Non son moitas, e polo regular refírense a cuestións estilísticas ou formais, aínda que algunhas semellan ser máis ou menos significativas. O máis e o menos poderán aprecialo con máis precisión ca min os especialistas na obra de Murguía, que eu non o son, aínda que me servín das indagacións dalgúns deles, nomeadamente Justo Beramendi, Ramón Máiz e Xosé Ramón Barreiro Fernández.^[1]

1. O libro

O seu título completo é *La primera luz. Libro de lectura para uso de las escuelas de primeras letras de Galicia*. A denominación pola que se opta para especificar os seus destinatarios, escolas de primeiras letras, alusiva ao que nelas se aprendía, era a propia do Antigo Réxime, mentres que o liberalismo cuñará as expresións «escolas primarias», «escolas de ensino primario» ou de «escolas de instrución primaria», que aluden á posición destas nos sistemas educativos creados polos estados liberais: o ensino primario constituía o seu primeiro banzo, que tiña a súa continuación, teoricamente —convén subliñalo, pois a promesa tomará o seu tempo para comezar a ser realidade—, no ensino secundario e no superior.

Tratábase, pois, dun libro de lectura, aos que aludía expresamente a Lei Moyano (1857) no seu artigo 89, especificando que algúns dos textos que se aprobasen con este propósito debían inspirar na infancia «sanas máximas religiosas y morales», e outros familiarizala cos coñecementos industriais e científicos de carácter básico. Advertíase ademais que a relación de libros desta natureza merecedores da aprobación governamental poríase en coñecemento das autoridades eclesiásticas.^[2]

A súa autoría identifícase cun simple M., circunstancia que, ao entender de Barreiro Fernández (2000, pp. 15-19), bo coñecedor de M, podería deberse a que Murguía consideraba o libriño unha obra menor e atípica na súa traxectoria, polo que non lle reportaría moita gloria. E podería ser que así fose, por máis que a sinatura coas iniciais, e mesmo a omisión da autoría, non constituía un caso único nos libros destinados ás institucións escolares. Tamén apunta Barreiro a hipótese de que na súa edición posibelmente influíron as necesidades económicas, e que o seu amigo Joaquín Avendaño, destacado pedagogo, sabedor da súa escaseza de recursos, lle recomendaría escribir este texto, ademais de conseguir coa súa influencia que fose

[1] Agradezo a Xosé Luís Axeitos e a Justo Beramendi a lectura deste texto, así como as súas observacións e achegas, por máis que a responsabilidade do que se diga ou omita corresponda exclusivamente a quen o subscribe.

[2] *Historia de la Educación en España. II De las Cortes de Cádiz a la Revolución de 1868*, Madrid, Ministerio de Educación, 1979, p. 265.

incluído na listaxe de obras aprobadas polo goberno para o seu uso nas escolas. Aínda sen desbotar a posibilidade desta lexítima motivación, o certo é que o mercado galego era bastante limitado, polo que se o propósito prioritario fose económico, o lóxico sería optar por escribir para o mercado español, como afirma o propio Barreiro algúns anos despois (2012, p. 213).

Juan Compañel foi tamén o editor dalgúns obras de Rosalía, entre elas *Cantares gallegos*, e era un home que sintonizaba coas ideas galeguistas, como se pon de manifesto nas «Dos palabras del editor» que abren o libro.

Nuestro objeto es que el niño, tan pronto empiece a leer, empiece a la vez a conocer y amar a su patria, ¡ninguna como la nuestra necesita más de este santo amor de sus hijos! Este sencillo método de interesar al hombre en todo lo que concierne a su patria hace mucho tiempo que se usa con asombroso éxito en las naciones más cultas y adelantadas de Europa. Al ofrecer pues, semejante libro a Galicia, creemos llenar la más alta misión del editor y del hijo amante de su país. Nuestros hijos sabrán mejor que nosotros cuanto ha influido en sus futuros destinos la lectura de esta pequeña obra.

Soto Freire comparte o criterio do primeiro editor, tanto que reproduce integramente as súas palabras a continuación das propias, acollidas ambas ao título cuñado polo vigués. Comeza por deixar constancia dos parabéns recibidos por Murguía e Compañel por *La primera luz*, e da pretensión deste de reeditar un libro que xa fora adoptado «por muchos maestros». Ao non cristalizar este proxecto, o editor lucense decidiu asumir o esforzo de darlle continuidade a un texto destinado a facer xermolar no corazón dos nenos «el dulce y santo amor de la patria». En carta a Murguía, datada o 7 de maio de 1866, comunícalle que Compañel propuxera transferirlle a propiedade da obra, e no suposto de que a proposta fose «razonable y usted venía también a la razón, tal vez haría una calaverada más, sobre las que hice en esta vida.» (Barreiro Fernández e Axeitos, 2002, p. 382)

A obra foi aprobada por Real orde de 26 de abril de 1860 a instancia de Juan Compañel Rivas —por esas datas, as autoridades centrais aprobaban unha listaxe de textos, entre os que o maxisterio podía escoller (De Puelles Benítez, 1997)—, e contaba coa licencia do bispo de Lugo, solicitada por Soto Freire e datada o 5 de marzo de 1868. Este editor estaba especialmente preocupado por controlar a ortodoxia relixiosa dos textos que saían do seu prelo, e así o facía saber en carta remitida a Murguía en 1865 a propósito da edición da *Historia de Galicia*: «Las correcciones en sentido católico son una de nuestras condiciones.» (Barreiro Fernández, 2012, p. 282) O prezo do libro debía cifrarse en dous reais, segundo a disposición oficial que o aprobaba, e non nos catro que propuña Compañel e figuran no exemplar do que se fixo a edición facsimilar. «Fíjate que la Dirección [xeral de Instrucción pública] ha bajado a la mitad el precio del librito, esto no nos permitirá darle mucho más

ensanche [semella que matinaban xa nunha edición ampliada]; espero tus pareceres sobre este vital asunto», podemos ler en carta do editor ao autor (Barreiro Fernández e Axeitos, 2002, p 153).

Tanto nunha coma na outra edición, logo das palabras dos editores, aparece unha poética dedicatoria do autor titulada «A los niños». A nai dun neno recita unha pregaria que este repite e asemade contrae o compromiso de «amar esta tierra bendita y hermosa», onde repousan os restos dos devanceiros, e lembra, en maiúsculas, que «todos tenemos siempre una madre a quien debemos amar y venerar: esta madre es la patria.» De seguido, a dedicatoria concrétase na súa filla, Alejandra, nacida o mesmo ano que o libro, a quen lle encarece que aprenda «a amar a esta Galicia infortunada, en donde han nacido tus padres y en donde has visto la primera luz.»^[3] O afán galeguizador do texto é, xa que logo, explícito, polo que non anda desencamiñado Francisco Rodríguez (1988: p. 63) cando se refire a el como un manual de alfabetización patriótica.

As vinte e sete leccións de que consta divídense en cinco apartados de extensión moi variábel: idioma (dúas), relixión (dúas), xeografía (seis), historia (doce) e biografías (cinco). Identifícanse con números romanos e carecen de título, agás as referidas ás biografías.

Cada lección ten dúas partes ben definidas: un texto descritivo do asunto en cuestión e un diálogo que resumía as ideas principais —este omítese na primeira lección sobre o idioma, nas dúas de relixión e na primeira de historia—. A parte dialogada, ao modo catequético —adoptado tamén polos catecismos políticos ou polas cartillas de agricultura, poñamos por caso—, tiña un corpo de letra menor na primeira edición e figuraba en cursiva na segunda, e a parte descritiva usaba diferentes tamaños e tipos de letra, incluída a negriña. Compañel pretendía que desta forma os nenos se fosen familiarizando cos diferentes caracteres utilizados na letra impresa.

Na edición de 1868 redúcese a extensión dalgunhas respostas e, máis que nada, increméntase o número de preguntas, para limitar así a amplitude das contestacións. Poñamos un exemplo, tomado da lección xv.

1859: P.—¿Qué cosas notables puede V. decirme de este rey [o suevo Reccario]?

R.—Que se convirtió al cristianismo con toda su gente, que taló la Navarra y Aragón y se acercó hasta Cataluña, tomando a Lérida; pero que sus victorias, inspirando serios temores a los demás reyes bárbaros, se unieron los godos,^[4] los francos y borgoñeses, y derrotándole a orillas del río Órbigo, se vio obligado a huir; hasta que cayendo en poder de sus enemigos le degollaron en diciembre de 456.

1868: P.—¿Qué cosas notables puede V. decirme de este rey?

[3] Sempre que non se sinale outra procedencia, deberá entenderse que citamos pola edición de 1868.

[4] O sentido da frase semella ser: hicieron que se unieran los godos...

R.— Que se convirtió al cristianismo con toda su gente, que taló la Navarra y Aragón y se acercó hasta Cataluña, tomando a Lérida.

P.—¿Qué alcanzó con tales triunfos?

R.— Habiendo inspirado serios temores a los [elimínase «demás», que na redacción anterior servía para incluír os suevos na familia dos bárbaros] reyes bárbaros, se unieron los godos, los francos y borgoñeses y le derrotaron a orillas del río Órbigo, viéndose obligado a huir.

P.—¿En qué año murió?

R.—Habiendo caído prisionero, sus enemigos le degollaron en Diciembre de 456.

Na primeira edición, e en nota a pé da páxina doce, advírtese, non sabemos se por iniciativa de Murguía ou de Compañel: «Los maestros harán leer primero a los niños las lecciones, sin tocar a lo que va a continuación, siguiendo el sistema de preguntas y respuestas, que estas se las harán estudiar de memoria cuando hayan concluido de leer todo el libro.» Con independencia do sentido que poida ter o feito de adiar a memorización para o final, que non alcanzo a percibir, o certo é que algunhas respostas eran longas de máis para a súa memorización ao pé da letra, intrínseca á didáctica catequética, de aí que na segunda edición se reducise a súa extensión. Compañel anticipaba nas súas palabras preliminares que estaba disposto a ampliar o libro e a introducir «todas aquellas correcciones que la prudencia y la práctica de los maestros nos aconseje», e cabe a posibilidade de que algunha das suxestións recibidas apuntase nesa dirección e fose asumida por Soto Freire. Este suprimiu, ao meu entender con bo criterio, a nota coa que se pretendía orientar os mestres sobre o uso que debían facer do libro.

Idioma

O libro ábrese cunha anécdota, que se non foi real ben podería selo, cando menos nalgunhas das escolas da época. Un neno, que non sabía falar castelán, coma outros moitos a mediados do século xix, entra na escola e o mestre pregúntalle, de forma agarimosa, se non traía os libros: «Señor —respondió el probrecillo, temblando—, *esquecéronme.*»^[5] E o mestre, que era un home ilustrado e xusto, como podemos ler no texto, aproveita a ocasión para reivindicar a necesidade de querer e de cultivar a nosa lingua: «Amad el lenguaje en que hablamos todavía; el pueblo que olvida y escarnece su idioma, ese pueblo dice al resto del mundo que ha perdido su dignidad!»

Na segunda lección advírtese que o idioma galego se formou e cultivou antes que o castelán e o portugués, a paternidade dos cales pode reivindicar, aínda que se observan algunhas diferenzas notábeis entre unha e outra edición.

[5] Coido que, da lectura que fixen en 1974, esta é a pasaxe que perdurou con máis nitidez na miña memoria.

1859: El dialecto gallego, es uno de los que en España conserva más puras sus raíces latinas [1868: conserva más puro su origen latino, y en el cual se advierte a cada paso las huellas poderosas de los antiguos idiomas célticos, que se hablaban en Galicia antes y durante la dominación romana.] A poco que se observe, se nota que sus palabras, en la mayor parte, son débil cor[r]upción del latín; sin que se vean en el gallego, como sucede en el castellano, esas ásperas palabras que ha tomado del árabe como un símbolo de su pasada servidumbre. Formóse el gallego antes que el castellano y llegó también a su perfección antes que este. Es su padre, como lo es del portugués; ejemplo vivo de lo que podía llegar a ser el gallego, si en vez de corromperse y viciarse con voces y giros castellanos, aspirase a su perfección y fuese un idioma nacional. En gallego escribió sus *Cántigas* el inmortal monarca castellano D. Alfonso x, llamado el Sabio, y muchos otros poetas de aquellos tiempos en que el gallego era un idioma formado, mientras el castellano estaba todavía en su infancia.

No diálogo, ao se preguntar pola orixe do dialecto galego, tamén muda a resposta. Se na edición de Compañel se decía: «El latín, al que se hallan mezcladas algunas palabras griegas, celtas y germánicas», na de Soto Freire desaparecen gregos e xermanos e mantéñense unicamente os celtas: «El latín, modificado según el genio de las lenguas célticas que se hablaron en Galicia.»

As diferenzas entre unha e outra edición evidencian o cambio que se produciu no pensamento do autor sobre a evolución do idioma galego. Como sinala Henrique Monteagudo, se na serie de artigos sobre «Poesía gallega contemporánea», publicada en 1858, Murguía defendía a súa orixe latina, en sintonía coas teses de Sarmiento, no primeiro volume da *Historia de Galicia*, aparecido sete anos despois, «o latín cede ó celta o seu posto de devanceiro ilustre do galego.»^[6]

En todo caso, as súas orixes latinas son máis puras que no castelán, sometido á servidume semítica, e a súa configuración como lingua literaria tamén fora previa.^[7] Acentúase así a substantividade, a diferenza e mesmo unha certa superioridade do noso idioma, que para Murguía, a diferenza dos primeiros galeguistas, tiña unha especial relevancia, por estimar que constituía unha das expresións máis contundentes

[6] Monteagudo (2000, p. 200) sostén que «da man dos historiadores que afirmaban unha orixe étnica celta do pobo galego, durante o século XIX vai arraigando a crenza dunha orixe céltica do idioma, ou polo menos dunha achega substancial da lingua celta que se presumía que se falara en Galicia antes da conquista romana. Secundariamente, tamén se subliñou a importancia da contribución lingüística (paralelamente á étnica) xermánica, supostamente achegada a Galicia polos suevos á caída do Imperio Romano». Sobre a evolución do celtismo en Galicia pode lerse o interesante estudo publicado por Ramón Villares en *Identidade e afectos patrios* (pp. 141-176).

[7] Murguía non celebraba precisamente esas orixes latinas, como facía notar Vicente Risco (1976, pp. 41-45), mais se eran ineludíbeis, mellor sermos os descendentes máis puros.

tes do carácter nacional de Galicia: «Lengua distinta, se ha dicho siempre, distinta nacionalidad. Sintiéndolo así Galicia, se tuvo constantemente por nación de hecho», segundo podemos ler en *El regionalismo gallego* (1889) e noutros escritos.

Relixión

Todos os pobos recoñeceron o Creador e demandaron humildemente a súa intercesión, cada un ao seu xeito e no seu propio escenario: o indio nas pagodas, o árabe nas mesquitas e o celta nas fragas. E nós, redimidos por Cristo, non podemos ser menos: «¡Dichosos nosotros que hemos nacido de padres cristianos y recibidos en el seno de la Santa Iglesia adoramos al Dios verdadero!» Na segunda edición, alertado se cadra por Soto Freire, decidiu engadir a parte do texto que reproducimos en cursiva, aínda que tamén é posíbel que o engadido fose obra do propio editor: conviña, para evitar equívocos, identificar a verdade no seo da diversidade.

Especialmente obrigados a render culto ao Deus verdadeiro estabamos os galegos, pois Galicia, grazas ao apóstolo Santiago, cuxos restos entre nós se conservan, converteuse nun reino que ten na relixiosidade un dos seus trazos esenciais, e asemade no berce do cristianismo hispano. Sempre que se invocou o nome deste apóstolo co necesario ardor guerreiro —«¡Santiago y cierra España!»—, lembra Murguía, o interpelado nunca deixou de atender as demandas que se lle facían, como puñan de manifesto as moitas batallas gañadas coa súa axuda.

Xeografía

Ninguén conseguiu describir, anticipa Murguía, toda a fermosura da nosa terra, malia as numerosas tentativas que se fixeron. Aínda así, el atrevese a dicir algo na súa primeira lección de xeografía: «Frescos valles, solitarias cañadas, comarcas pintorescas, montañas cubiertas de nieve, verdes quebradas, lagos, ríos de ondas azules, y un mar inmenso bañándola amoroso, he aquí lo que es tan vario como encantador [1859: encantado] país.» Nas cinco leccións restantes traza primeiro unha breve xeografía de Galicia e deseguido a de cada unha das catro provincias diferenciadas polo liberalismo, división que consideraba acertada, por ser a do Antigo Réxime «harto defectuosa».

A poboación aproximábase aos dous millóns de persoas, e no territorio abundaban as montañas e os ríos, entre os que salienta o Miño, cuxo percorrido traza con certo detalle, xa que nace e morre no noso país, e «parece querer simbolizar este reino cuyos valles fecunda.»

En cada provincia rexistra a súa poboación e a da capital —nalgúns casos, en 1868 actualízanse as cifras— e describe esta, deixando constancia dalgunhas das institucións civís —entre elas as educativas: universidade, seminarios, escolas normais, escolas de náutica e comercio, institutos, bibliotecas—, militares e relixiosas que acollía. A cidade da Coruña —escrita daquela, en castelán, «la Coruña»— non

carecía de virtudes, pois era a máis fermosa de Galicia e unha das máis fermosas de España, ademais de ser a capital de «todo el reino». Lugo fora capital de Galicia en tempos dos romanos e desde ela gobernaron algúns reis suevos. Pontevedra posuía edificios de mérito e gozaba dun ceo despexado e dun clima morno; na segunda edición elimínase que estivese «poblada por los griegos». Ourense, pola súa banda, tamén fora corte dalgúns reis suevos.

Nun segundo nivel de concreción, relaciona os partidos xudiciais que as configuraban, así como algunhas das notas que os caracterizan. En Santiago de Compostela menciona na primeira edición a Universidade e a Catedral, ás que engade na segunda o Hospital, o Seminario, San Martiño Pinario, Fonseca «y otras» —alguén debeu lembrarlle a Murguía cal era a súa parroquia—. Ferrol destaca polo seu Arsenal, envexa de Europa. Mondoñedo desempeñara un importante papel nos tempos medievais. Monforte tiña, naquela altura, un instituto de ensino secundario, que estaba instalado, como se fai constar en 1868, no antigo colexio dos xesuítas. Ribadeo contaba cunha escola de náutica e comercio. Vigo posuía un dos mellores portos do mundo. En Tui radicara a corte do rei godo Witiza —en 1859 atribúelle a esta cidade un instituto, que converte no que realmente era nove anos despois: un seminario— e en Caldas de Reis a dos condes Ramón de Borgoña e Urraca de Castela, proxenitores do futuro Alfonso VII —Alonso nas dúas edicións—. En Celanova había un extraordinario mosteiro dos bieitos, onde, segundo se engade en 1868, acababa de abrirse un colexio dos escolapios. Ribadavia tiña na viticultura a súa principal industria. E Verín, concretamente Monterrei, podía gabarse de ter dado ao prelo o primeiro libro publicado en Galicia.

Historia

O estudo da historia é de suma importancia, por contribuír á formación dos cidadáns e fomentar o amor á patria, e Galicia, «como todos los grandes pueblos», conta con «hermosas páginas de gloria», chamadas a fomentar o orgullo de sermos galegos. A historia tamén é útil por facernos «odiar la guerra», ese «monstruo de la humanidad» asociado a «todos los horrores y todas las desgracias», e asemade ensinanos «que si alguna guerra es santa, es únicamente la que se hace por defender la independencia de la patria», razón á que en 1868 engade outra: «o la preponderancia de la raza a que se pertenece». O engadido non carece de relevancia. En primeiro lugar, porque incorpora a raza, básica na súa concepción da nación, e en segundo porque unir independencia e preponderancia supón lexitimar as máis das guerras, logo de as rexeitar de forma contundente. Como ben se sabe, o concepto de raza está asociado á idea de seren unhas superiores ás outras, polo que son moitas as consecuencias que da súa utilización se poden derivar.

E a quen debía Galicia a súa «primitiva población»? Aos celtas, como testemuñan os monumentos arqueolóxicos conservados: «Las costumbres de aquellos

sencillos pobladores, su religión y su lengua, de la que tantas palabras conservamos todavía, se encarnaron en nosotros.» Eles foron, sostén en 1859, «el primer pueblo que hizo asiento en nuestra patria», ademais de seren «originarios de Galicia», teses que perden contundencia e gañan prudencia e consistencia lóxica na segunda edición: foron «de los primeros pueblos» en asentarse e «los principales pobladores de Galicia». En 1868 tamén se suprime a seguinte afirmación: «Aquí crecieron y se multiplicaron, y de aquí salieron siguiendo toda la costa que besa el mar cantábrico y pasaron a Francia, donde establecieron un imperio fuerte y potente». Nas datas en que isto escribe, Murguía estaba a iniciarse na investigación histórica, e polo que se pode apreciar en *La primera luz*, consonte avanza no estudo do pasado corríxe, modula e matiza, con máis ou menos intensidade, algunhas das teses iniciais.

A raza é para el o principal factor constituínte da nación —«a inmutabilidade ó longo dos séculos das esencias físicas e morais das razas [...] será o eixe do seu concepto de nación» (Beramendi, 2007, p. 174)—, e a raza celta o principal ingrediente na configuración da nación galega. O celtismo é para Murguía o «mito fundador central da comunidade nacional», como afirma Ramón Máiz (1997, p. 203), ou a súa «pedra angular», para dicilo con palabras de Xosé Ramón Barreiro Fernández (2012, p. 291). Pola súa banda, Justo Beramendi resume así a concepción que da nación tiña noso home: «toda comunidade en que se dan simultaneamente raza, territorio, carácter ou “espírito” e lingua, e por esta orde de importancia dada a secuencia causal que establece entre eles.» (2007, p. 188) Convén precisar, porén, que malia os perigos potenciais que no concepto de raza aniñan, no uso que del se fai na obra de Murguía «o momento da *diferencia específica nacionalitaria* predomina sempre sobre o momento da *agresión* ó alleo, practicamente inexistente, cando non puramente retórico.» (Máiz, 1997, p. 230)

Logo dos celtas viñeron outros pobos, como se pode ler nesta mesma lección xii: os gregos —prescinde deles en 1868—, os fenicios, aos que atribúe logros que previamente asignara aos gregos, como a Torre de Hércules, e os cartaxineses. A estes últimos uníronse os galegos nas batallas de Trasimeno e de Cannas, e foi aos nosos soldados a quen se debeu «la mayor parte» (1859) ou polo menos «parte» (1868) do éxito conseguido; a alianza tivo os seus custes, mais resultaron produtivos, pois foi daquela cando «Galicia enseñó al mundo como un pueblo puede defender la independencia de su patria.»

Na lección seguinte subliña a reiterada resistencia dos galegos a seren dominados polos romanos, como evidenciaban as sucesivas batallas emprendidas —nalgúns delas acaudillados por ese pastor lusitano que foi Viriato— contra os invasores. Finalmente, no monte Medulio, cercados polo inimigo, preferiron suicidarse a entregarse, comportamento que demostra «cuan grande era su amor a la independencia y su odio a la dominación romana.»

Así e todo, esta dominación prolongouse durante catro séculos, no curso dos cales, «y después de tomar de nuestros conquistadores, idioma, leyes, religión y costumbres, vivimos tranquilos y connaturalizados con ellos, quedando reducidos así de nación independiente a una provincia romana, en donde el arte y la civilización llegaron a la misma altura en que se hallaban en la metrópoli.» Aparece, como ben se pode ler e convén subliñar, o termo nación referido expresamente a Galicia, que non figuraba na primeira edición, segundo a cal quedáramos «reducidos desde entónces a florecientes colonias romanas», aínda que as expresións máis usuais seguen a ser as de reino, país, patria ou pobo.

A comezos do século v chegaron ao noroeste peninsular, procedentes do norte de Europa, os suevos e os vándalos, impóndose os primeiros, que tamén tiveron que vencer as resistencia dos «naturales». Unha vez asentados no país, practicaron unha política expansionista que lles permitiu conquistar outros territorios hispánicos, por máis que tamén coñeceron as derrotas, como foi o caso da sufrida polo rei Riccario fronte ao godo Teodorico. Con todo, e como escribe Barreiro Fernández (2000, p. 31), por esas datas Murguía «non salienta, como fará despois, a aproximación racial entre os celtas galegos e os suevos, nin se refire ó imaxinario dun reino suevo-galego». Andando o tempo, a pegada dos suevos adquirirá un protagonismo crecente: «O aporte civilizador suevo sobre a etnia celta situaba como único elemento étnico-cultural do pobo galego a *raza aria*, establecendo deste xeito a diferenza fronte ao elemento semítico español.» (Máiz, 1984, p. 271).

Os godos converteranse en hexemónicos a finais da sexta centuria, até que foron desprazados polos árabes nos inicios da oitava. Estes ocuparon Galicia, segundo podemos ler na primeira edición, «no sin que los molestase el conde gallego Sorret de Sotomayor» —en 1868 os responsábeis desta molestia serán os «naturales»—, podendo afirmarse que foi daquela cando se iniciou a reconquista. Murguía afirma que ao longo desta época, durante a que aumenta o protagonismo de Asturias, o noso trono é certamente «vacilante» e o noso reino non se consolida. O último rei foi Alfonso VII, coroado na catedral de Santiago por Diego Gelmírez a comezos do século XII.

Los condes que la gobernaron fueron bastantes, pero son inciertas las noticias que de ellos tenemos. Hemos tenido reyes también, y aunque estos no forman en manera alguna dinastía, dan a entender cuan grande era el poder de Galicia en aquellos tiempos y con cuanta justicia conserva todavía el título de reino.

As tres últimas leccións tratan sobre as guerras dos irmandiños contra os nobres e destes entre si, ás que puxeron fin os Reis Católicos (século xv); a heroica defensa da cidade da Coruña fronte aos ingleses (1589), destacando o papel desempeñado

por María Pita; e finalmente, o rexeitamento das forzas da mesma procedencia que ameazaban as costas de Ferrol (1800) e a loita contra os franceses (1809). Abundan, xa que logo, as mostras da resistencia da nosa terra fronte aos que a pretendían invadir. E aquí remata esta excursión pola historia de Galicia: o que ven despois non é historia, por non existir aínda o distanciamento temporal necesario para valorar os feitos de forma equilibrada.

Unha historia que era particularmente importante para Murguía, como se pon de manifesto na extensión que se lle concede neste pequeno manual de lectura. Podemos afirmar, seguindo a Beramendi (1997, p. 192), que na concepción murguiana da nación os principais referentes afirmativos son a etnicidade, constituída pola raza, o territorio e o idioma, e a historicidade, que nos informa

dos feitos demostrativos da existencia do ser nacional, da súa xénese e evolución, así como dos precedentes de independencia ou autogoberno que reforzan a xustiza das reivindicacións actuais e poñen de manifesto que, se a nación loitou pola súa liberdade dende tempos moi remotos, era obviamente porque xa existía, co que afirmala hoxe non é un capricho de intelectuais á moda.

Esta recreación dos feitos históricos faina Murguía desde unha «*militancia nacionalista explícita*», como subliña Ramón Máiz (1984, p. 256): a historiografía está chamada a lexitimar as aspiracións de autogoberno do galeguismo.

Biografías

Son estas as únicas leccións que teñen título: Santa Marina, San Pelayo, Don Diego Gelmírez, El Padre Feijóo e Don Felipe de Castro. O inicio da lección sobre este último resulta brillante, aínda que o seu remate teña liñas menos afortunadas.

Gemían las bellas artes españolas en el más triste estado de abatimiento, cuando nació en la villa de Noya y en el año de 1711, un niño que andando el tiempo debía ser el que levantase la escultura de la postración en que había caído. El genio se da pronto a conocer, es como brillante chispa que anuncia el cercano incendio, y por lo mismo el ilustre artista, no tardó mucho en ser saludado como una hermosa esperanza que debía realizarse.

Se exceptuamos este escultor, o resto forman parte do santuario ou pertencen á Igrexa, o que seguramente sexa un tributo que Murguía tivo que pagar ao catolicismo, ao que todo lle sabía a pouco. Así o sinala Barreiro Fernández (2000, p. 32), que considera «sorprendente» a inclusión da santa e do santo.

Diego Gelmírez tiña un especial atractivo para Murguía, polo que lle dedicará un libro tres décadas máis tarde.^[8] De momento, na edición de 1868 engade un mérito máis aos que se rexistraran nove anos antes: o de ser «el que más hizo por la gloria y esplendor de Galicia».

2. Significado e difusión

O libro que nos ocupa foi pioneiro no modesto proxecto e proceso de galeguización que experimentou o noso ensino primario (Costa Rico, 1997). Niso radica a súa principal singularidade: «O máis importante desta obra, aquilo que, ó noso entender, significa unha contribución innovadora e cualitativa é que Murguía leva o feito diferencial galego por primeira vez ás nenas e nenos e ás escolas de Galicia.» (Barreiro Fernández, 2000, pp. 22-23)

Con este texto Murguía pretendía facer patria, ou o que é o mesmo, persuadir os lectores de que Galicia estaba dotada dunha identidade singular, reflectida na raza, no territorio, na cultura, no idioma ou na historia, atributos que a convertían nunha nacionalidade ou nunha nación, polo que tiña dereito a rexer o seu destino. E como as persoas que compartían tales conviccións escaseaban, cumpría facer proselitismo e contribuír á creación dunha conciencia nacional galega. Porque se ben a nación murguiana se configuraba, ao entender de Beramendi, á marxe de tal conciencia,^[9] á que en todo caso se lle atribuíu unha existencia potencial, a consecución dos obxectivos do movemento galeguista requiría que a «santa idea» espertase e se difundise, e con tal propósito se escribiu *La primera luz*. «Murguía, como calquera nacionalista de calquera tendencia, era moi consciente da necesidade de avivar esa conciencia», por considerala «instrumento necesario para a realización política da nación, pero en absoluto requisito da súa existencia obxectiva.» (Beramendi, 2007, p. 188) Que non fose requisito non reduce a súa relevancia. De feito, a tarefa principal do galeguismo consistía precisamente en transformar a conciencia potencial nunha conciencia real e operativa. De aí a importancia da educación para os nacionalismos.

[8] *Don Diego Gelmírez*, A Coruña, Lib. de E. Carré, 1898.

[9] «Máis dunha vez manifesta Murguía que non considera a conciencia nacional requisito nin elemento constitutivo *per se* da existencia da nación, para a que abonda que unha raza entre en comunión cun territorio e mediante tal comunión produza un *Volksgeist* ou carácter colectivo no decurso dunha historia propia.» (Beramendi, 2007, p. 187) Ramón Máiz insiste, no entanto, na influencia que sobre Murguía tivo o italiano Mancini, que consideraba a conciencia como un atributo fundamental da nación. Neste sentido, reproduce o seguinte texto do noso protagonista, datado en 1889: «Segundo Mancini, e é definición que aceptamos, nación é unha comunidade natural de homes que unidos nunha vida común polo territorio, a orixe, os costumes e maila lingua, teñen conciencia desa comunidade.» (1997, p. 178)

Debemos preguntarnos agora cal era a situación das escolas primarias, ás que se dirixía o libro, na Galicia da época. Nótese que falamos de escolas en plural, por existiren varias canles de escolarización, das que me teño ocupado noutros traballos, aos que remito, e a partir dos cales farei unha moi breve síntese.^[10]

En 1850 había en Galicia 667 escolas públicas, que aumentarán a 1690 en 1860; a partir de entón, e no que resta de século, predominará o estancamento. Das 1134 rexistradas en 1855, algo máis do setenta e cinco por cento eran elementais incompletas, algo menos do vinte e cinco, elementais completas, e as superiores representaban medio punto porcentual. Tratábase, pois, dunha rede moi heteroxénea, integrada maioritariamente por escolas que a propia administración cualificaba de «incompletas». Atendendo precisamente á singularidade territorial de Galicia, é dicir, ao acusado espallamento da poboación, a Lei Moyano foi modificada en 1859, a instancia do reitor compostelán Juan José Viñas, para acomodala á peculiar forma de asentamento da poboación galega e decidir onde debían instalarse as escolas.

Outra rede de escolarización era a conformada polas escolas de ferrado, así denominadas por se pagaren inicialmente en especie, polo regular un ferrado de ceiteo, trigo ou millo por temporada de clase. Á fronte delas estaban os escolantes, moitos dos cales se farán cargo das escolas públicas incompletas.

A terceira vía eran as escolas de fundación, promovidas por persoas que decidían legar unha parte dos seus bens a crear unha escola de primeiras letras. Irán esmorecendo a partir do proceso de desamortización e serán substituídas polas que financiaron os nosos emigrantes.

Nas cidades e vilas dunha certa entidade, como as cabeceiras dalgúns partidos xudiciais, xurdiron centros a cargo das institucións relixiosas —o propio Murguía infórmanos, lembremos, do asentamento dos escolapios en Celanova— e outros de carácter civil.

Estas iniciativas son as principais responsábeis da progresiva difusión da lectura e da escritura en Galicia. En 1860, cando se publica o primeiro censo de poboación, dominaba estas habilidades, con máis ou menos precisión, o 42,26 por cento dos homes que tiñan dez e máis anos e o 4,5 por cento das mulleres, porcentaxes que a nivel estatal se cifraban en 39,82 e 11,28, respectivamente.

Mais o que nos interesa destacar nesta ocasión é a escaseza de libros de texto na maioría destas escolas, e desde logo nas de ferrado e nas públicas incompletas. Cando en 1999 lle preguntei a un escolante, José Núñez López, cal era a principal diferenza entre a escola que el facía nos anos corenta e a escola á que asistira de neno, a súa resposta foi: «Había a diferenza de que cando eu fun de neno non nos enseñaban

[10] *Leer, escribir y contar. Escolarización popular y sociedad en Galicia*, Sada, Edicións do Castro, 1990; *Escolantes e escolas de ferrado*, Vigo, Xerais, 2002; *Ler e escribir en Galicia. A alfabetización dos galegos e das galegas nos séculos XIX e XX*, A Coruña, Universidade da Coruña, 2006.

máis que a ler e a escribir e problemas, cuentas, diciamos as cuentas, e catecismo, ademais outra cousa, conocimientos, estudar, diciamos nosoutros, estudar de memoria gramática, xeografía, deso nada, non se conocía nada.»

No que respecta á práctica da lectura, os silabarios e os catóns producidos pola industria editorial tardarán en xeneralizarse, e persistirán durante bastante tempo as denominadas cartas, que eran unha especie de silabarios confeccionados manualmente polo mestre; a lectura en letra impresa exercitábase con materiais non específicos, como os catecismos da doutrina cristiá ou os boletíns oficiais, e para descifrar a letra manuscrita recorríase aos procesos, é dicir, a escrituras de diversa índole que se conservaban nas casas dos nenos, cada unha das cales unicamente era igual a si mesma.

La primera luz encaixaría dentro do que, en terminoloxía da época, se denominaba terceiro nivel de lectura, ao que se accedía despois de traballar co silabario e co catón. Julio Ruis Berrio (1997, p. 214) cita como exemplo desta modalidade de libros os *Cuadernos de lectura para las escuelas*, da autoría de Joaquín Avendaño e Mariano Carderera.

Cal foi a difusión que tivo o texto que nos ocupa? Non tanta, desde logo, como a que lle atribúe Antonio Couceiro Freijomil (1952, t. II, p. 388), pois obrigatorio non foi: «Por disposición del ministerio de Fomento se declaró de utilidad pública y se hizo obligatorio su estudio en todas las escuelas gallegas, donde estuvo de texto por espacio de veinte años». Malia carecermos de datos precisos, sabemos, de entrada, que foi reeditado, polo que en 1868 a primeira edición é moi probábel que estivese esgotada ou en vías de se esgotar. Seguramente se utilizaría en determinadas escolas públicas elementais completas ou superiores, e tamén noutras de carácter particular, nomeadamente urbanas.

Compañel agasallou á Sociedade Económica de Amigos do país de Santiago con algo máis dun cento de exemplares en 1862, cen destinados á súa escola de adultos e os restantes a premiar o alumnado máis destacado.^[11] Dous anos antes, o editor fixera xestións en Lugo que lle permitían ser optimista sobre a difusión da obra, e así llo fixo saber a Murguía: «Lo de la Luz, suponte que estoy escribiendo en la mesa del Srio. de Instrucción [da Xunta provincial de Instrucción pública da provincia de Lugo?] y que este me ofreció todo cuanto hay que ofrecer para que en esta provincia tenga el mejor éxito posible la obra. Si en las demás tuviéramos este mismo elemento, vaya un negocillo! esta sería nuestra primera locomotora.» (Barreiro Fernández e Axeitos, 2002, p. 151) En 1865 advirte, no entanto, que o negocio editorial non estaba exento de dificultades, e que cando tivesen oportunidade de conversar lle explicaría devagar «cuánto debemos a la buena suerte que me acompañó, no al negocio.» (Barreiro Fernández e Axeitos, 2002, p. 328)

[11] O dato procede do prólogo de Alonso Montero á edición facsimilar xa citada (pp. 2-3), que á súa vez o tomou de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda.

Sen afán de tirar conclusións, e a modo de exemplo, revisamos os cuestionarios que debía cumprimentar o maxisterio cando eran visitadas as súas escolas polos inspectores provinciais de primeiro ensino, unha de cuxas preguntas facía referencia aos libros utilizados en cada unha das materias, aínda que a nosa indagación se limitou ao partido xudicial de Pontevedra e a 1882.^[12] Pois ben, o de Murguía non aparece rexistrado en ningunha das respostas, aínda que si os de Joaquín Avendaño, cuxo *Cuaderno de lectura* lera Murguía aos trece anos e deixara nel unha intensa pegada, ademais de influír, ao dicir de José Antonio Durán (1998, pp. 41-47), na súa decisión de escribir *La primera luz*, tanto que esta non existiría sen aquel precedente e o trato co seu autor, aínda que, como é ben sabido, as hipóteses contrafactuais sempre teñen un algo de aventurado. Nas escolas completas de nenos e nenas do Lérez empregábase, iso si, un epítome sobre «las faltas del lenguaje que se comenten en Galicia», que ao mellor era o redactado por Emilio Álvarez Giménez (1870), avó do galeguista Xosé María Álvarez Blázquez.

O exame deses mesmos cuestionarios escolares na década de 1860 é posíbel nos fornecese resultados máis favorábeis. De feito, cando a finais da década de 1970 revisei algúns deles, quero lembrar que aparecía por algures *La primera luz*. Se cadra era na provincia da Coruña, onde exerceu como inspector de ensino primario Antonio María de la Iglesia, que podería ter favorecido a súa difusión. Mais habería que contrastar o dato.

Especialmente relevante resulta un informe asinado por Bernardo Barreiro de V. V., que exerceu como relator, Juan Barcia Caballero e Isidoro Casulleras, presentado á Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago para fundamentar a proposta de designación como socios de mérito de catro destacados historiadores: Murguía, Antonio López Ferreiro, José María Fernández Sánchez e José de Villa-Amil y Castro.^[13] O primeiro que se menciona é Murguía, e a publicación á que se lle concede máis mérito e espazo é, con moito, precisamente a que nos ocupa. Coido que o texto merece ser reproducido con certa amplitude.

Comenzó la gran obra de nuestro renacimiento como deben comenzarse estas empresas sublimes: por las escuelas de primeras letras y por el periódico. Fue entonces la primera vez que nuestros niños estudiaron geografía e historia de Galicia, y biografías de los más célebres hijos de este antiguo Fidelísimo Reino. Así fue amada en aquel tiempo la patria, y recordamos con entusiasmo aquellos nuestros años de la infancia en que leíamos *La primera luz*. Desgraciadamente, el genio que nos ocupa abandonó prematuramente a los niños; creyolos formados y se dirigió a los hombres. Entonces pereció todo y Dios sabe cuando volverá a enseñarse en las escuelas de Galicia algo de

[12] Arquivo Histórico Universitario de Santiago, Ensino Primario, caixa 133.

[13] O informe foi publicado en *Galicia Diplomática*, t. II, no. 28, 23-I-1884, pp. 201-203.

la geografía y de la historia del país en donde vivimos y en el que quizás hemos de morir. Para grandes reflexiones anotamos este punto anómalo de la instrucción primaria en Galicia, que permite una completa ignorancia de todo lo nuestro en tanto que nos enseñan forzosamente lo ageno: pero confiamos en que el Sr. Martínez Murguía insistirá, Dios lo permita, en un punto tan importante.

Así pois, *La primera luz* non era, en absoluto, unha obra menor. Había que co-
mezar pola base: as escolas primarias, que fornecerían «la primera luz» e formarían
o público que demandase no seu día outro tipo de libros, como o *Diccionario de
escritores gallegos*, que fracasaron precisamente por non existir esa base, advertían
os abaixo asinantes. Eles leran no seu día *La primera luz*, non sabemos se na escola
—a escolarización de Barcia e de Barreiro, cando menos, coincidiu coa publicación
da primeira edición— e demandaban que os concellos e deputacións provinciais o
«declarasen de texto», atribución que non figuraba entre as súas competencias, aín-
da que si podían, caso de existir tal vontade, favorecer a súa difusión. Descoñecemos
se o chamamento resultou frutífero. En todo caso, o libro si o foi.

BIBLIOGRAFÍA

- Álvarez Giménez, E. (1870): *Estudio sobre las faltas del lenguaje que se cometen en Galicia*, Pontevedra, Imprenta de José Antúnez y Cía.
- Barreiro Fernández, X. R. (2000): «*La primera luz*, un libro de lecturas de Murguía para a escola galega», *Revista Galega do Ensino*, 27, pp. 15-35.
- Barreiro Fernández, X. R. (2012): *Murguía*, Vigo, Galaxia.
- Barreiro Fernández, X. R. e Axeitos, X. L. (2002): *Cartas a Murguía I*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Beramendi, J. (2007): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*, Vigo, Xerais.

- Costa Rico, A. (1997): «El libro escolar en gallego», en A. Escolano Benito, *Historia ilustrada del libro escolar en España. Del Antiguo Régimen a la Segunda República*, Madrid, Fundación Germán Sánchez Ruipérez, pp. 579-597.
- Couceiro Freijomil, A. (1952): *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, Santiago de Compostela, Editorial Bibliófilos Gallegos, t. II.
- De Puelles Benítez, M. (1997): «La política del libro escolar en España (1813-1839)», en A. Escolano Benito (ed.), *Historia ilustrada del libro escolar en España. Del Antiguo Régimen a la Segunda República*, Madrid, Fundación Germán Sánchez Ruipérez, pp. 47-67.
- Durán, J. A. (ed.) (1998): *Prosas recuperadas. O periodismo de Murguía. Antoloxía básica, 1853-1923*, A Coruña, Real Academia Galega e Fundación Caixa Galicia.
- Máiz, R. (1984): *O rexionalismo galego: organización e ideoloxía (1886-1907)*, Sada, Edición do Castro.
- Máiz, R. (1997): *A idea de nación*, Vigo, Xerais.
- Monteagudo, H. (2000): «Ideas de Manuel Murguía sobre o idioma gallego», *Boletín da Real Academia Galega*, 361, pp. 197-220.
- M... [Murguía, M.] (1859): *La primeta luz*, Vigo, Establecemento Tipográfico de D. Juan Compañel. Edición facsimilar de Edicións Xerais de Galicia (Vigo, 2000), con prólogo de Xesús Alonso Montero e estudo introdutorio de Henrique Rabuñal Corgo.
- M... [Murguía, M.] (1868): *La primeta luz*, Lugo, Imp. de Soto Freire, Editor.
- Murguía, M. (1974): *Política y sociedad en Galicia*, Madrid, Akal Editor.
- Peña Saavedra, V. e M. Fernández González (2000): *Estudio introdutorio a La primera luz de Manuel Murguía*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- Risco, V. (1976): *Manuel Murguía*, Vigo, Galaxia.
- Rodríguez, F. (1988): *Análise sociolóxica da obra de Rosalía de Castro*, Vigo, AS-PG.
- Ruíz Berrio, J. (1997): «La enseñanza de la lectura de la Ilustración al Liberalismo. Métodos, libros y materiales», en A. Escolano Benito (ed.), *Historia ilustrada del libro escolar en España. Del Antiguo Régimen a la Segunda República*, Madrid, Fundación Germán Sánchez Ruipérez, pp. 193-227.
- Villares, T. (2018). *Identidade e afectos patrios*. Vigo, Galaxia.

Publicamos este sexto número de *Follas Novas*
grazas ao patrocinio do Concello de Arteixo

Arteixo



A Matanza
15917 Padrón
+34 981 811 204

www.rosalia.gal

FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO